

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23-07-2026
ata a día 23-08-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.


EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE XULLO DE 2026, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 17 de xullo de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de oposición, dúas prazas de técnico/a administración xeral, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 158, do 11.07.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditadas polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionarias de carreira a:

Dona Sonia Méndez García, para ocupar a praza número 951, denominada técnico/a administración xeral, escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, adxudicándolle o posto de traballo denominado técnico/a administración xeral entrada, número 1631, vinculado á citada praza.

Dona Alba Trobo Rodríguez, para ocupar a praza número 744, denominada técnico/a administración xeral, escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, adxudicándolle o posto de traballo denominado técnico/a administración xeral entrada, número 1629, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 20 de xullo de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1967

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23-07-2026
ata a día 23-08-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
